

Curiosidades ¿Sabías que...?

- Amar Barki afirma que pasou 26 anos coa man levantada en homenaxe ao Deus hindú Shiva, e como consecuencia diso, os seus nocellos son brancos e as súas uñas retorcéronse.
- Diane Sheer, de Londres, lambeu e pegou 225 selos en sobres en 5 minutos o 3 de agosto de 1997.
- As avestruces son os paxaros máis velozes da terra, e chegan a alcanzar os 77 Km/h en 30 minutos.
- A maior colección de bolígrafos posúea Angélica Unverchau, con 168.700 bolígrafos de máis de 137 países.
- O bebé máis pesado naceu en Ohio (EEUU) e pesou 10´8 quilogramos.
- A cintura máis ancha é a do norteamericano Walter Hudson, con 3´02 m. en 1987, cando pesaba 543 Kg.
- A persoa máis lixeira é unha anana de 67 cm. de altura, de San Carlos (México), só pesaba 2´13 Kg. aos 17 anos, e cando cumpriu os 20, pesaba 5´9 Kg.
- A parella máis dispar. Cando Natalie Lucies, de 94 cm. casou con Fabien Preto, de 1´88 cm., en Francia, en 1990, rexistrouse unha diferenza record entre a altura do mozo e a da moza, de 94 cm.
- Nunha investigación levada a cabo en 1921 en Londres, descubriuse un bebé que tiña 14 dedos nas mans e 15 nos pés.
- A persoa con máis extremidades é Rudy Santos de Filipinas, ten 4 brazos e 3 pernas. As súas outras extremidades pertencen ao seu xemelgo, morto atrapado no abdome.
- Os siameses máis vellos foron uns de Tailandia, que naceron en 1811, casaron con dúas irmás de Carolina do Norte e tiveron 22 fillos entre eles. Os irmáns faleceron no intervalo de 3 horas aos 63 anos, en 1847. A parella, que xamais chegou a separarse por temor a que perdesen a vida, vivía e traballaba en EE.UU. como unha atracción de circo.
- As uñas máis grandes do mundo son as de Shirdhaz Chillaf da India. As da súa man dereita mediron todas, en 1998, 6´15.
- O home máis furado é Alex Lambrech, de Bélxica, que fixo 137 buratos durante 40 anos. A maioría están no seu rostro, pero tamén ten 50 nos xenitais.
- O parasito máis útil é a sambesuga medicinal, antes usada polos médicos para desangrar aos pacientes. En 1991 un equipo de cirurxiáns canadenses aproveitou o cuspe das sambesugas para evitar a coagulación do sangue durante unha operación. As especies usadas criáronse en condicións hixiénicas.



Marihuana: máis que porros

Está claro que o consumo de porros cada vez está máis estendido e que ninguén se sorprende se ve a un amigo seu liando un, pero ¿sabemos realmente o que temos entre as mans cando nos pasan un? Os porros son cigarros liados, soen conter tabaco con marihuana ou haxix, aínda que tamén poden ser 100% marihuana. Chámaselle marihuana á mestura seca de flores (cogollos), follas e pequenos talos procedentes da planta Cannabis Sativa, da familia do cáñamo, mentres que o haxix (tamén coñecido como o chocolate) elabórase prensando a resina das flores do cáñamo. Normalmente córtase en bloques ou barras de color marrón. Tamén se vende en pastillas ou bólas. Os efectos que provoca no consumidor dependen entre outras cousas da concentración de THC (sustancia química).

¿Por que comezamos a consumir drogas? A maioría dos mozos comezan por probar as drogas para imitar a xente máis próxima, por moda ou por vía de escape cando as cousas non van ben. Xeralmente todo o mundo comeza cunha caladiña, detrás doutra, despois regálanche un porro e cando te queres dar conta encóntraste liando un ou comprando os teus propios porros.

¿Como deixar de tomar droga? Os expertos din que crean adicción psíquica e por iso custa deixalo, pero, se queres, podes. O primeiro de todo é tratar de evitar aqueles ambientes que te inciten a fumar. Terás que deixar de saír con aquela xente que os consuma, se non, é moi posible que volvas caer se non tes unha vontade de ferro.

AIRINA TRINCHERI, S4A